



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

RESOLUCIÓN DE IMPLANTACIÓN DO PROCEDEMENTO ELECTRÓNICO DE "DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA PARA PAGOS QUE HA REALIZAR A DEPUTACIÓN" E NOVAS NORMAS DE INCLUSIÓN DOS DATOS NO FICHEIRO DE TERCEIROS DE DEPUTACIÓN

Don **VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

I. ANTECEDENTES

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consagran o dereito das persoas para relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, simplificando o acceso a estes, e reforzan o emprego das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nas administracións públicas, tanto para mellorar a eficiencia da súa xestión como para potenciar e favorecer as relacións de colaboración e cooperación entre elas.

O artigo 14 da Lei 39/2015 establece que en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
- e) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que determine regulamentariamente cada Administración.

Quedan excluídas da obrigatoriedade as persoas físicas non contempladas no parágrafo c) anterior, o que non implica a posibilidade de que poidan relacionarse por medios electrónicos de modo voluntario.

A través do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, apróbase o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos co fin de mellorar a eficiencia administrativa, incrementar a transparencia e a participación, garantir servizos dixitais facilmente utilizables e mellorar a seguridade xurídica

A Deputación da Coruña foise adaptando a todos os cambios legais, poñendo ao dispor dos cidadáns multitude de procedementos electrónicos que facilitan as relacións entre administración e administrados.

Dentro dos procedementos electrónicos pendentes de poñer en marcha está o de "*Designación de Conta Bancaria por parte de terceiros que se relacionan coa Deputación, para efectos de materialización dos pagos que procedan ao seu favor*", ata o de agora consistente nun procedemento normal regulado a través de Resolución da Presidencia 8818 do 11 de maio de 2009.

Doutra banda, procede tamén adecuar as normas existentes á data sobre a inclusión dos datos bancarios no ficheiro de terceiros da Deputación, debido a que a xestión diaria foise modificando co tempo e coa aparición de novas funcionalidades no tratamento de datos.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos persoais).
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

De conformidade con todo o exposto,

RESOLVO:

1. Deixar sen efecto a Resolución da presidencia número 8818 do 11 de maio de 2009
2. Aprobar as normas relativas ao procedemento de inclusión de datos bancarios no Ficheiro de Terceiros da Deputación, descrito no **anexo I**.
3. Aprobar o procedemento electrónico de "*Designación de conta bancaria para pagos que ha realizar a Deputación*", descrito no **anexo II**.
4. Aprobar o modelo de documento que ha utilizar no procedemento, incluído no **anexo III**.

Esta resolución entrará en vigor a partir da data da súa aprobación. Con todo, ata o 30 de decembro de 2021, admitiranse os modelos de designación e os procedementos vixentes actualmente

ANEXO I :

NORMAS DE XESTIÓN E INCLUSIÓN DE DATOS BANCARIOS NO FICHEIRO DE TERCEIROS

1. As altas de datos bancarios no Ficheiro de Terceiros desta Deputación realizaranas funcionarios do Servizo de Contabilidade desta Deputación como unidade responsable e encargada da levanza deste ficheiro de datos, coas excepcións seguintes:
 - Datos bancarios asociados a expedientes concretos de devolucións de ingresos de recadación, que se incluírán no aplicativo contable de terceiros a través da importación dun ficheiro de datos achegado polo Servizo de Recadación. Este Servizo é o responsable da gravación e verificación das contas bancarias achegadas para estes expedientes e deberá de establecer o procedemento que estime máis oportuno para a obtención dos datos, garantindo a seguridade xurídica deles.
 - Datos bancarios correspondentes a determinadas contas estranxeiras que polo seu formato específico non poidan incluírse no ficheiro de terceiros debido a limitacións funcionais do aplicativo informático, e que deberán ser xestionados de forma manual pola Tesourería.
2. Estas altas produciranse exclusivamente mediante a presentación do modelo que se inclúe no **anexo III**, e da certificación bancaria acreditativa da información, cubertos conforme as instrucións e os procedementos que se inclúen ao longo desta resolución.
3. Para favorecer o fluxo de información, as unidades xestoras deberán informar as persoas físicas e/ou xurídicas coas que se relacionen en calidade de acredores da Deputación, das normas incluídas no **anexo II** relativas á documentación que teñen que achegar e o procedemento para seguir.
4. Con carácter xeral, só se admitirá unha conta bancaria por terceiro, de tal forma que calquera petición de alta de datos bancarios supoñerá a baixa automática da anterior conta que tivesen asignada. As posibles excepcións a esta disposición deberán ser xustificadas e informadas pola Tesourería e aprobadas posteriormente mediante resolución da Presidencia.
5. Nos casos excepcionais nos que figure máis dunha conta asociada a un terceiro, os funcionarios adscritos á Tesourería que teñan encomendada a tarefa de materialización das ordes de pago a través de transferencia bancaria, deberán seleccionar a conta bancaria que resulte acorde co expediente de pago que estean a tramitar

ANEXO II:

PROCEDIMIENTO ELECTRÓNICO DE "DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA PARA PAGOS QUE HA REALIZAR A DEPUTACIÓN"

1. Todos os suxeitos comprendidos no art.14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas deberán de presentar a solicitude de designación de conta bancaria á Deputación a través de:
 - O rexistro da súa Sede Electrónica , ou ben
 - A través da Plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL) cando se estea tramitando a través dela un expediente que requira a achega destes documentos.
2. Os documentos para presentar deberán ter formato PDF e serán:
 - O documento de designación de conta segundo o modelo incluído no **anexo III**, cuberto segundo as instrucións indicadas nel e asinado dixitalmente polo titular solicitante ou, no seu caso, polo representante legal.
 - Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria correspondente e asinado electronicamente. Este certificado deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:
 - a identificación da entidade bancaria
 - o código IBAN da conta
 - o código Swift ou BIC cando sexa necesario
 - os datos identificatorios do titular da conta: NIF, nome e apelidos /denominación social
 - O documento acreditativo da representación, no caso de representantes legais que utilicen para a solicitude un certificado electrónico persoal.
3. Aquelas persoas físicas non comprendidas no ámbito de aplicación do art. 14 da Lei 39/2015, que non opten polo procedemento electrónico, poderán presentar a solicitude de designación de conta bancaria no Rexistro da Deputación ou naquelas oficinas de rexistro habilitadas nas distintas administracións públicas. Neste caso terán que presentar a seguinte documentación:
 - Solicitude orixinal asinada segundo o modelo do **anexo III**.
 - Documentación acreditativa da titularidade da conta designada expedida pola entidade bancaria correspondente.
 - Documento acreditativo da representación legal, no seu caso.

ANEXO III:



SERVIZO DE CONTABILIDADE

MODELO DE DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA PARA INCLUIR NO REGISTRO DE TERCEIROS PARA OS EFECTOS DA DOMICILIACIÓN DOS PAGOS QUE HA REALIZAR A DEPUTACIÓN DA CORUÑA

INSTRUCCIÓN AO DORSO

DATOS DO ACREDOR/A: ⁽¹⁾

NIF NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

TIPO DE VÍA: NOME DE VÍA: NÚM. /KM: ESC: PLANTA: PORTA: C.P:

LOCALIDADE: MUNICIPIO: PROVINCIA:

TELÉFONO: CORREO ELÉCTRICO:

DATOS DO/DA REPRESENTANTE: ⁽²⁾

NIF NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS: ⁽³⁾

TIPO DE VÍA: NOME DE VÍA: NÚM. /KM: ESC: PLANTA: PORTA: C.P:

LOCALIDADE: MUNICIPIO: PROVINCIA:

TELÉFONO: CORREO ELÉCTRICO:

ALTA DE DATOS BANCARIOS: ⁽⁴⁾

IBAN (Número de conta – En España o IBAN ten 24 posicións e comeza por ES)

SWIFT/BIC (Pode conter 8 ou 11 posicións)

ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA ⁽⁵⁾

A acreditación da titularidade da conta bancaria realizarase mediante achega complementaria de documento emitido por entidade bancaria. Este documento terá que ser electrónico para solicitudes presentadas a través da Sede electrónica da Deputación.

O interesado (acredora/a) que formula esta solicitude manifesta que os pagos que a Deputación da Coruña deba realizar ao seu favor serán ingresados, ata novo aviso, na conta bancaria que se indica neste documento, apartado Alta de datos bancarios, da que é titular. Esta designación de conta bancaria deixará sen efecto calquera outra designación de conta bancaria designada anteriormente.

LUGAR, DATA E SINATURA DO ACREDOR OU DO REPRESENTANTE: ⁽⁶⁾

En , a Asdo:

PROTECCIÓN DE DATOS

- De acordo co art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos persoais), infórmase que os datos persoais que nos proporciona serán incorporados a un ficheiro automatizado da Deputación da Coruña así como que son necesarios para a tramitación da súa solicitude.
- O responsable do tratamento é a Deputación da Coruña, cuxo enderezo é Avenida Porto da Coruña, núm. 2 – C.P: 15003 A Coruña, ante quen se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión, ou a limitación do seu tratamento, e opoñerse ao tratamento, así como o dereito á portabilidade dos datos.
- Os datos comunicáranse ás Unidades da Deputación competentes na materia relacionada coa súa solicitude. Igualmente infórmase que poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas ou terceiros nos supostos previstos legalmente e na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Poderá contactar co Delegado de Protección de Datos no enderezo electrónico delegadodeprotecciondedatos@daconina.gal

INSTRUCCIÓN

É conveniente achegar o número de teléfono e correo electrónico para efectos de lle comunicar ou solicitar calquera información que se derive da tramitación da solicitude.

(1) DATOS DO ACREDOR/A:

Persoa física ou xurídica que ha de recibir o pago. Deberán consignarse o nome e apelidos ou razón social tal como figura no documento de identificación (NIF).

Tipo de vía: Indique o que proceda (avda: avenida; r: rúa; estr: estrada; pr: praza; tr: travesía, etc.)

Vía: indique o nome completo da vía.

(2) DATOS DO/DA REPRESENTANTE:

Cubrir sempre que o acredor sexa persoa xurídica ou cando sendo persoa física actúe por medio de representante. O representante deberá consignar o seu NIF, nome e apelidos e asinar electronicamente o documento (con certificado de representación no caso de ser representante de persoa xurídica).

A presentación do modelo cuberto esixirá obrigatoriamente achegar documento adicional de acreditación da representación:

- Cando se actúe como representante de persoa física.
- Cando se actúe como representante de persoa xurídica e non se utilice un certificado electrónico de representación de persoa xurídica para asinar electronicamente o documento de designación de conta.

(3) ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

Só encher no caso de que sexa diferente ao indicado no apartado **DATOS DO ACREDOR/A**

(4) ALTA DE DATOS BANCARIOS:

Consignaranse os seguintes datos:

- o código IBAN
- o código Swift ou BIC cando sexa necesario.

(5) ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE DA CONTA:

O acredor acreditará a titularidade da conta bancaria ao seu nome mediante a achega adicional de documento emitido pola entidade bancaria correspondente.

O documento acreditativo da titularidade de conta deberá conter, necesariamente:

- a identificación da entidade bancaria
- o código IBAN da conta bancaria
- o código Swift ou BIC cando sexa necesario
- os datos identificadores do titular da conta: NIF e nome/denominación social

O documento será electrónico e por tanto asinado con firma electrónica pola entidade bancaria en caso de presentación pola Sede electrónica da Deputación ou a través da plataforma SUBTEL (obriga para todos os suxeitos incluídos no art.14 Lei 39/2015)

(6) LUGAR, DATA E SINATURA DO ACREDOR/A OU DO/DA REPRESENTANTE:

A solicitude deberá ser datada e asinada electronicamente (ou de forma manuscrita para titulares persoas físicas non obrigadas por quen a presente (acredor/a ou representante).

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

a) *Presentación por medios electrónicos (suxeitos recollidos no art.14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).*

Unha vez elaborado o documento e asinalo electronicamente pode presentalo (conxuntamente co documento acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria asinado electronicamente e co documento acreditativo da representación cando sexa necesario) no Rexistro da Sede Electrónica da Deputación da Coruña ou a través da Plataforma de Tramitación Electrónica da Deputación (SUBTEL) canto se estea tramitando nesta plataforma un expediente que requira a achega dos documentos indicados.

b) *Presentación nas oficinas de rexistro (só persoas físicas non obrigadas polo art.14 da Lei 39/2015 que renunciien á presentación electrónica)*

Neste caso o documento de designación de conta deberá de levar a sinatura manuscrita do solicitante (do acredor/a ou representante no seu caso). Conxuntamente co devandito documento presentarase obrigatoriamente un documento emitido pola entidade bancaria acreditativo da titularidade da conta e, en caso de representación, un documento acreditativo desta.

Para calquera outra información ou aclaración pode dirixirse á Deputación Provincial da Coruña